



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

... non lle me pasa
na miña vida
e eu collinlle cariño
de pequeniña.

Costureiriña bonita
onde perdeche a tixeira
foi un d' Oímbra
baixando cara a Salgueira.

Costureiriña bonita
onde perdeche o dedal
foi na costiña d' Oímbra
baixando car' o Rosal.

De tu ventana a la mia/miña
hay larga una cadena
ai y toda llena de besitos
toda de besitos llena.

De Portugal me mandaron
ai tres peras nun ramalliño
ai quen me dera a min sabere
quen foi a do regaliño.

Ai ai ai...
ai la lai por cima de Chaves
ai por cima de Chaves fora
a lá vai con tres laranxas
ai laranxas vanse embora.

A ri rin tin tin

Eu tirei unha laranxa
por cima de Chaves fora
e a laranxa vai decindo
adeus Chaves voume embora.